

A LINGUAXE INCLUSIVA DESDE A PERSPECTIVA DE XÉNERO. CRITERIOS DE USO.

Recomendacións para o uso dunha linguaxe non sexista nin androcéntrica:

1. Substituír o masculino xenérico por formas colectivas.

<i>En lugar de</i>	<i>Usar</i>
<i>Profesores</i>	<i>Profesorado</i>
<i>Alumnos</i>	<i>Alumnado</i>
<i>Médicos</i>	<i>Persoal médico</i>
<i>Científicos</i>	<i>Comunidade científica</i>
<i>Mozos</i>	<i>Mocidade</i>
<i>Adolescentes</i>	<i>Adolescencia</i>

2. Outra opción é empregar os dous xéneros.

<i>En lugar de</i>	<i>Usar</i>
<i>Os vendedores</i>	<i>Os compradores e as compradoras</i>
<i>Usuarios</i>	<i>Os usuarios e as usuarias</i>

Se queremos evitar repeticións ou enunciados confusos, podemos optar polo emprego de pronomes.

<i>En lugar de</i>	<i>Usar</i>
<i>Os que utilizan o transporte..</i>	<i>Quen utiliza o transporte...</i>
<i>Os que vaian ao exame</i>	<i>Quen vaia ao exame</i>

3. Se o texto se refire a unha persoa ou grupo de persoas dun determinado sexo, utilizar as formas que se correspondan con ese xénero.

<i>En lugar de</i>	<i>Usar</i>
<i>O solicitante, María Regueiro</i>	<i>A solicitante, María Regueiro</i>

4. Utilización de formas despersonalizadas ou determinantes que sexan inclusivos.

<i>En lugar de</i>	<i>Usar</i>
<i>O afectado</i>	<i>A persoa afectada</i>
<i>O recorrente</i>	<i>Quen recorre</i>
<i>Candidato</i>	<i>As persoas candidatas</i>

5. Adaptación do cargo e profesión ao sexo da persoa.

<i>En lugar de</i>	<i>Usar</i>
<i>Médico</i>	<i>Médica</i>
<i>Alcalde</i>	<i>Alcaldesa</i>
<i>Limpador</i>	<i>Limpadora</i>
<i>Enfermeiro</i>	<i>Enfermeira</i>
<i>Mecánico</i>	<i>Mecánica</i>

6. Mulleres como “apéndices” dos homes.

<i>En lugar de</i>	<i>Usar</i>
<i>Os deportistas e as súas mulleres</i>	<i>O equipo e as súas parellas</i>

7. Uso das barras.

Pode ser útil en documentos como formularios, solicitudes, etc. pero pouco recomendable en textos pois dificulta a lectura.

o/a interesado/a

8. Uso da @

Non recorreremos nunca á arroba para reflectir os dous xéneros:

operari@s

alumn@s

Para a obtención de máis recursos sobre termos lingüísticos non sexistas, termos colectivos ou xenéricos existe unha aplicación: <http://www.exeria.net>